

Na Rede toda a información sobre a pasada edición das xornadas JAI

martes, 24 de xaneiro do 2023 / S. P.

Comezou o novo ano e volven á palestra informativa as Xornadas sobre Tecnoloxías e Solucións para a Automatización Industrial, as JAI 2022, clausuradas o pasado 19 de novembro con récords de actividades e expertos participantes (superáronse as 40 horas de conferencias e mesas redondas e convocáronse 70 profesionais da industria intelixente compartindo os seus coñecementos avanzados). Segundo compartiu o principal impulsor destas prestixiosas xornadas da UVigo, o profesor e investigador Ignacio Armesto, véñse de publicar oficialmente na Rede o recompilatorio oficial da edición 2022 do evento, unha escolma que abandonou o formato tradicional en DVD para adoptar un modelo "á carta", grazas á TV de la Universidade de Vigo. Podemos ver os relatorios da pasada edición, as presentacións, as entrevistas a convidados, os *stands* e as fotos oficiais na [devandita web da TV universitaria](#). Ademais, na [canle oficial de Youtube das Xornadas JAI](#) pódense localizar outros vídeos relativos ao evento (como os *reels* de apoio por parte de institucións, empresas participantes, etc.) así como varios vídeos resume do chamado *Showroom Industria 4.0* despregado nesta oitava edición das JAI en formato presencial. Amais, véñse publicar en PDF a [memoria final das xornadas](#), informe no que figuran os principais datos resumen desta edición.



0 comentarios

Ordenar por:

Engadir un comentario...

[Plugin dos comentarios do Facebook](#)

PUBLICIDADE

 **dinat**
hospeda este

#acultur

 



BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa



 Xacobeo 2021